

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN
MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE
SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE: - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil once, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA

1º) **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 26 DE XULLO E 19 DE SETEMBRO DE 2011.** Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse as referenciadas actas por unanimidade.**-----

2º) **APROBACIÓN DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2010 DO CONCELLO DE SANXENXO.** O **Sr. Secretario** indicou que a Conta consta de 18 tomos numerados correlativamente e 18 anexos adxuntos sen numerar. Engadiu que a Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, na sesión celebrada o 4 de agosto de 2011, elaborou o informe da Conta Xeral do exercizo de 2010 e que, durante o prazo de exposición ao público da referida Conta Xeral, unha vez informada pola Comisión citada, non se presentaron suxestións, reparos ou observacións.

Ao non producirse debate, a **Sra. Presidenta** someteu a **Conta Xeral Consolidada do ano 2010 do Concello de Sanxenxo** a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Galicia e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **0**

Votos pola **Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a Conta Xeral Consolidada do ano 2010 do Concello de Sanxenxo que consta de **18 tomos numerados correlativamente e 18 anexos adxuntos sen numerar** e que se informou pola Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 4 de agosto de 2011.

SEGUNDO: remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.-----

3º) **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NA ASOCIACIÓN “GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DO SALNÉS”.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 22 de setembro de 2011 sobre esta proposta.

Ao non producirse intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo :

PRIMEIRO: designar á alcaldesa do Concello de Sanxenxo, **D^a Catalina González Bea, representante titular** deste concello nos órganos reitores da asociación “Grupo de Desenvolvemento Rural do Salnés” e ao **1^o Tte. de alcalde, D. Salvador Durán Bermúdez,** como **representante suplente.**

SEGUNDO: dese conta deste acordo á Mancomunidade do Salnés para os efectos oportunos”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 14 DE XULLO AO 19 DE SETEMBRO DE 2011 (DE RES. N^o 937/11 Á N^o 1205/11). A **Sra. Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 14 de xullo ao 19 de setembro de 2011, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

5º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO SOBRE ACONDICIONAMENTO DUN VIAL NO LUGAR DE CARBALLAL (R. DE ENTRADA N^o 6206 DO 26/09/11): Pola **voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo** deuse lectura a moción que literalmente di:

“””””O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

No lugar do Carballal, hai un grupo de vivendas que non poden acceder as súas casas con ningún vehículo porque o vial público atópase nun estado lamentable (adxuntamos fotografía). Un dos veciños é dependente e precisa con frecuencia dos servizos dunha ambulancia a cal non pode acceder a súa vivenda.

Polo que solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO:

Que por parte da concellalía de infraestructuras do concello de Sanxenxo se proceda o

acondicionamento do mencionado vial público nun breve período de tempo. “”””

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, xustificou a urxencia da moción polo necesaria que é a obra dado o estado en que se atopa o vial.

A continuación a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Buezas Méndez** sinalou que esperaba que se fixera a obra posto que tampouco supón un custo alto.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que ía a votar a favor da moción pero deixou constancia de que, noutras ocasións, se aprobaron mocións e logo non pasou nada. Considerou este tema como recorrente ata o punto de que el mesmo o plantexou na Xerencia de Urbanismo e, alí, indicouselle que era perfectamente viable condicionar a prórroga da licenza ao arranxo do vial. Finalmente reiterou que, por responsabilidade, votarían a favor da moción esperando que servera para algo.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que votaría a favor da moción pero sinalou que se trataba dun vial que tiña que arranxar a empresa que fai a urbanización e non o concello, non obstante, lle trasladaba ao concelleira de urbanismo esta cuestión para a súa resolución, engadindo que se procuraría dotarse a pista provisionalmente dun firme que permitise o servizo a persoa enferma.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu a moción a votación que foi aprobada por unanimidade nos termos antes transcrita.**-----

6º) ROGOS E PREGUNTAS: Non formulouse ningún rogo e si as seguintes preguntas:

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL DO 22 DE SETEMBRO DE 2011 (R. DE ENTRADA NÚM. 6149): O voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, **Sr. Gonzalo Pita**, dá lectura ao seguinte escrito :

“”””**Gonzalo Gonzalo Pita**, portavoz de la agrupación política Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.).

Por medio de la presente, paso a poner en su conocimiento que:

Dado que usted solicita que las preguntas que se le planteen en los plenos ordinarios fuera del orden del día, sean presentadas por escrito con antelación suficiente, ponemos en su conocimiento que nuestra agrupación política preguntará a la presidenta del grupo de gobierno por los alquileres y la posible optimización de algunos de los mismos.””””

O **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que xa na prensa se produxo unha contestación por parte do goberno municipal que vai na mesma dirección e por iso o felicita, lamentando que non o

fixera antes e preguntando canto aforro vai a supoñer e que servizos se van a reubicar no antigo consultorio médico de Vilalonga.

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, agradeceu a felicitación e precisou que o local para os pensionistas reubicarase na cultural de Vilalonga e as oficinas de medio ambiente pasarán ao antigo consultorio médico, engadindo que o aforro previsto en alugueres espere que chegue aos 60.000 euros.

2º) O Sr. Villaverde Otero, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, lembrou que na sesión anterior e referente á privatización do servizo de recollida do lixo, se dixo pola voceira do Grupo Municipal Popular, Sra. Deza Martínez, que el, no seu día, propuxera a citada privatización cando a realidade foi que o concelleiro de servizos naquela data era D. Eulogio Blanco e o Alcalde o Sr. Martín González, ningún dos cales son membros deste grupo político e o interviniente o único que fixo naquela corporación foi votar a favor da proposta, preguntando se a citada concelleira ten outros datos sobre este asunto para que os expoña.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que a Sra. Deza Martínez quería dicir que o Sr. Villaverde Otero formaba parte do goberno que adoptou aquel acordo, non tendo máis información ao respecto.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dá lectura a seguinte pregunta que quedou pendente de contestación na anterior sesión plenaria:

“”””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

Un dos puntos tratados na orde do día de hoxe é Dación de conta dos informes da intervención xeral cumprindo os artigos 4 e 5 da lei 15/2010 relativa os prazos de pago do Concello de Sanxenxo.

Segundo esta lei os períodos de prazo de pago serían os seguintes :

Dende o 7 de Xullo ata o 31 de Decembro de 2010 55 días.

Dende o 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de Decembro de 2011 50 días, dende o 1 de Xaneiro de 2012 ata o 31 de Decembro de 2012 40 días.

A partir de Xaneiro de 2013 o prazo de pago sería de 30 días.

Como se pode observar o prazo de pago do Concello de Sanxenxo é de 200-300 días, co cal non se está cumprindo os pagos de 55 días referentes o ano 2010 nin o de 50 días que se está facendo neste ano. Esten prazos aínda son maiores en Terra.

Ademáis é de destacar que o Concello de Sanxenxo ten 3 millóns de euros que adeudan dende fai máis de 180 día e Terra 628 mil euros que adeudan dende fai máis de 240 días. Entre o Concello e Terra teñen facturas pendentes de recoñecemento por un total de 2,6 millóns de euros.

Con todo isto para poñerse o día na Lei 15/2010 necesitarían facer fronte a uns 6,5 millóns de euros. No último trimestre só se pagaron arredor de 600.000 .-€ polo que non se ve moi factible o cumprimento da lei.

Ademáis do incumprimento da lei po parte do Concello de Sanxenxo moitos pequenos e medianos empresarios están padecendo importantes consecuencias económicas como consecuencia da falla de pago do Concello de Sanxenxo.

Pódese comprobar como moitas das facturas pendentes de pago son como consecuencia da falla de crédito, falla de contrato, falla de conformación así como outras causas.

¿Pode decirnos cómo teñen previsto facer fronte ó pago destas deudas nas que xa se incumpriu o prazo legal de pago así como as deudas que se xeneran día a día? “””””.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que se faría fronte as débedas como se viña realizando ata o de agora, con moito esforzo, porque é lamentable que quen legisla en Madrid non coñeza a realidade local, non preocupándose de dotar de suficientes medios aos concellos para poder realizar os pagos correspondentes. Engadiu que recoñecía o incumprimento da lei nese punto como a maioría dos concellos pero, especificou, que este leva escrupulosamente o pagamento dos préstamos pendentes e das operacións de tesourería para pagar a provedores sendo máis difícil cos grandes contratistas.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO: A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dá lectura a seguinte pregunta formulada na anterior sesión plenaria:

“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte

PREGUNTA

¿Cal é a data exacta para a posta en funcionamento da Gardería Municipal de Vilalonga? “””””.

A **Sra. Alcaldesa** contestou no mesmo senso que con ocasión da formulación desta mesma pregunta no pleno anterior. -----

A continuación a **Sra. Aguín Pombo, retirou a pregunta pendente de contestación na sesión anterior referente á supresión do servizo de autobús** unha vez coñecida a situación polo manifestado nos xornais pola alcaldesa.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 26 DE SETEMBRO DE 2011 (R. DE ENTRADA NÚM. 6207): A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dá lectura ao seguinte escrito:

“””””Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA:**

Fai uns días leíamos nos medios de comunicación que por parte da Consellería de Infraestructuras da xunta de Galicia executárase de inmediato un proxecto de seguridade vial na estrada PO-550 Cambados-A Lanzada.

¿Pode dicirnos en qué consiste a execución do mencionado proxecto? ¿Ten copia do mesmo? ¿Pode darnos unha copia?"""".

A **Sra. Alcaldesa** contestou que a obra se refire a estrada PO-550 Cambados-A Lanzada, que non ten copia do proxecto e que non transcorre a termo municipal de Sanxenxo.-----

6º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 26 DE SETEMBRO DE 2011 (R. DE ENTRADA NÚM. 6205): A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dá lectura ao seguinte escrito:

""""Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

¿Pode dicirnos si a día de hoxe o Concello de Sanxenxo xa dispón dos cartos da execución do aval do polígono industrial de Nantes para o inicio das obras?

O polígono industrial de Nantes necesita dunha subestación para o seu funcionamento, ¿pode dicirnos cantas ofertas de empresas conta o Concello de Sanxenxo para executar a devandita subestación? ¿Van a proceder a unha oferta pública do mesmo?

¿Pode dicirnos si o Concello de Sanxenxo conta a día de hoxe cos permisos pertinentes para rematar a rede de saneamento?""""

A **Sra. Alcaldesa** contestou que está ingresado o aval dende o pasado venres pola mañá, que aínda non se fixeron ofertas a empresas e que non se sabe como se van a abordar estas obras, engadindo que incluso é posible que se varíe o trazado do saneamento para o que se esta conversando co Concello de Meaño.-----

7º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 26 DE SETEMBRO DE 2011 (R. DE ENTRADA NÚM. 6208): A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Dna. Dulcinea Aguín Pombo, dá lectura ao seguinte escrito:

""""Dona Dulcinea Aguín Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

No pleno ordinario celebrado o pasado 28 de Marzo de 2011, preguntamos información sobre a creación de rutas turísticas pola vila de Portonovo. Unha vez rematada a temporada de verán, poderíanos contestar as seguintes preguntas:

1º) ¿Pode dicirnos cantas visitas se levaron a cabo dende a súa posta en

funcionamento, 15 de Marzo, ata o día de hoxe? ¿Cantas en horario de mañá e cantas en horario de tarde?

2º) ¿Cal foi a recaudación obtida por Turismo de Sanxenxo pola posta en funcionamento das mencionadas visitas?

3º) ¿Poderíanos dar copia documental da mesma?""""

A **Sra. Aguíñ Fernández**, contestou que se produciron 182 visitas, se recadaron 277 euros, xa que moitas visitas foron de balde e díxolle que lle facilitaría copia da documentación.-----

8º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 26 DE SETEMBRO DE 2011 (R. DE ENTRADA NÚM. 6204): A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, **Dna. Dulcinea Aguíñ Pombo**, dá lectura ao seguinte escrito:

""""Dona Dulcinea Aguíñ Pombo, voceira do PsdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

¿Cal e o contido e o programa escolar para este curso escolar que terá o Centro de Interpretación das Telleiras?""""

A **Sr. Aguíñ Pombo** engadiu que ao lado da Telleira existe un invernadoiro con plantas secas e que era necesario pechar arquetas que estaban abertas e limpar parte da obra.

A **Sra. Alcaldesa**, antes de que a Sra. Lago Martínez respondera a pregunta, sinalou respecto do dito ultimamente nesta pregunta pola Sra. Aguíñ Pombo que o invernadoiro tan so foi instalado para realizar prácticas do obradoiro sen que pretenda o concello a súa ubicación definitiva alí.

A **Sra. Lago Martínez** respecto da pregunta formulada por escrito contestou relatando as actividades que se realizaron no centro e que foron complementarias das que se desenvolveron en distintas áreas como Medio Ambiente, Policia Local ou Servizos Sociais. Tamén dixo que é obxectivo do concello o dotar a Telleira dunha programación anual produto da negociación con outras administracións e colectivos sociais.-----

9º) O Sr. Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do BNG, aludiu a que o goberno municipal incluíu dentro da política de recortes o transporte municipal e que o importe do aforro ascendería a 139.000 euros, dado que non existía contrato, preguntou o interviniente se xa apareceu, como se cuantificou a cantidade citada e se tiña algo que ver co xuízo contencioso interposto por "Transportes La Unión" contra o Concello de Sanxenxo por

impago de débedas.

A **Sra. Alcaldesa** contestou que o servizo suprimiuse fundamentalmente porque os veciños non o usaban e que no contencioso cada unha das partes defenderá os seus intereses sobre cuestións contables. Precisou que no seu día existiu un contrato que rematou e non se fixo un novo e que se realizou a cuantificación en virtude das facturas existentes. O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que non creía que existira contrato porque o organo competente para aprobalo era o pleno e por aquí non pasou, aclarando a **Sra. Alcaldesa** que lle daría unha copia.

10º) O **Sr. Otero Domínguez**, respecto do recorte económico anunciado nos xornais polo grupo de goberno, preguntou que consideración tiña, se ampliaba ou rectificaba o plan económico-financeiro do concello, se se vai a plasmar por escrito e que sucedeu de marzo a esta data para que se realizaran estas modificacións. A **Sra. Alcaldesa** contestou que os recortes económicos citados non vanse a poñer por escrito, que están na liña do plan económico-financeiro e que en absoluto o desvirtúan. O **Sr. Otero Domínguez** sinala que considera esta actuación municipal como unha improvisación e a **Sra. Alcaldesa** lembroulle ao interviniente a situación precaria xeral na que se desenvolve a economía e a que é necesaria adaptarse a ela mes a mes.-----

E, non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e quince minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**